



Máis liberdade, máis produción e máis control

Fieis a GEA, pola garantía dos seus produtos e o servizo técnico prestado, en Ganadería A Costa (Lalín, Pontevedra) decidiron robotizar o seu muxido coa instalación dun DairyRobot R9500.

Álvaro Pérez Fernández e os seus pais, José e Emilia, comezaron o proceso de cambio en outubro do ano pasado co traspaso dos animais para unha nave nova de vacas en produción e a instalación do robot, os collares CowScout, un novo tanque TCool e o arrimador de comida FRone.

A día de hoxe moxen un total de 60 vacas, cunha produción de 39 litros por vaca e día e unha media de número de muxidos que varía entre os 2,9 e os 3.

Cinco meses despois do cambio, xa lograron os seus dous obxectivos: chegar aos tres muxidos e ter máis tempo libre. Aumentaron a produción uns 5 litros por vaca e día, reduciron á metade o recuento de células somáticas e anticipápanse moito máis na detección de celos e enfermidades.



Nome da explotación: Ganadería A Costa
Localización: Lalín (Pontevedra)
Animais en total: 110
Vacas en produción: 60
Media de produción: 39 litros/vaca/día
Media de número de muxidos: 2,9
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,45 %
RCS: 120.000 cél./ml



Robot con sala de espera e porta preseleitora



“O que máis nos gustou deste robot foi o foso, a separación por cuartos e a colocación manual”

Cal foi o motivo polo que se decidiron a robotizar o muxido?

Antes de instalar o robot tiñamos unha sala en espiña de peixe 5x2 e tomamos esta decisión para intentar que a granxa dependese unicamente dunha persoa en días festivos, fins de semana e vacacións, para non ter que estar dúas persoas aquí sempre.

Se os meus pais non estaban, había un problema, porque se dependía dunha segunda persoa, e se marchaba eu, quedaban eles moi cargados de traballo. Ese foi un pouco o maior punto de inflexión, ademais de buscar os tres muxidos.

Por que optaron por GEA?

O que máis nos gustou deste robot desde o primeiro día que o vimos foi o foso, xa que axuda moito para tratamentos e secados; a separación por cuartos, que creo que é moi importante, e a colocación manual, se unha vaca ten algún problema, podes colocar a man e non tes que estar cunha muxidora á parte.

Como foi o proceso de cambio?

Foi bastante máis fácil do que esperabamos. O verán pasado construímos a nave e ao mesmo tempo instalamos o robot. O 6 de outubro de 2020 empezamos a meter as vacas a comer penso e estiveron así 28 días. Logo, comezamos a muxir e foi bastante máis sinxelo do que inicialmente pensabamos.

Os animais simplemente hai que velos, nótase moitísima máis tranquilidade. Creo que foi un grande avance.

Para nós, o cambio foi grande. Non hai que estar aquí á mañá tan cedo, nin marchar tan tarde. A sala de muxido fai che madrugar moito máis e saír máis tarde á noite porque os muxidos hai que facelos cunhas horas de diferenza e hai moitas horas mortas polo día que fan que as xornadas de traballo se estendan moito máis.

Que beneficios lles achegou?

Estamos agora nunha media de entre 2,9 e 3 muxidos. Co terceiro muxido notamos que as camas están máis secas, pérdese moito menos leite e as mamites reducíronse case na súa totalidade.

Antes, na sala de muxido, empezabamos a muxir ás 7 da mañá e acababamos de facer todo sobre as 10 e, pola tarde, empezabamos ás 7 e non lograbamos nunca rematar antes



Tanque TCool 6.000



Colares CowScout para a monitorización do celo e a ruminación



Arrimador FRone

“Permíteche que este traballo se pareza o máximo posible aos outros traballos da sociedade en canto a horarios e a ter días libres, fins de semana e vacacións”

das 21:30. Agora, chegamos sobre as 8:30 da mañá e marchamos sobre as 8 da tarde; a fin de semana facemos servizos mínimos e estamos un par de horas pola mañá e unha hora pola tarde. Desta forma, unha soa persoa pode levar a granxa no día a día, o que che permite que este traballo se pareza o máximo posible aos outros traballos da sociedade en canto a horarios e a ter días libres, fins de semana e vacacións.

Nas épocas de campaña de ensilado de millo e de herba, pode combinar moito mellor o traballo na granxa con facer servizos externos. Antes, supoñía un esforzo moi grande que tiñan que realizar os meus pais. Lévese doutra forma, moito máis calmado.

En canto a produción, cando empezamos estabamos nunha media de 32-33 litros/vaca/día, hoxe estamos ao redor de 38-39 litros. Espero que, cando pase un ano e todas as vacas teñan parido de novo, poidamos incrementar outros dous ou tres litros. Ademais, o recuento de células somáticas estaba entre 200.000-250.000 cél./ml e baixamos ás 120.000-130.000. A verdade é que é sorprendente, non pensabamos que íamos chegar a isto.

Levamos só cinco meses e creo que son uns datos bastante óptimos.

Que sistemas GEA incorporaron no proxecto?

O robot conta cunha zona de preselección. Os animais pasan por unha porta que lles deixa entrar á sala de espera, se teñen permiso de muxido, ou que lles fai continuar recto cara ao corredor de alimentación, no caso de que non o teñan. Así, evítanse moitos tempos mortos no robot e os rexeitamentos, xa que todas as vacas que entran van ser sempre muxidas.

Cando decidimos apostar polo muxido robotizado, tamén puxemos os colares CowScout e son unha grande axuda. É agora cando nos damos conta de que se estarían perdendo ao redor do 30 % dos celos, xa que hai moitos que se producen de noite e non os ves. Ademais, este sistema axuda moito a previr enfermidades, porque simplemente con chegar pola mañá e mirar o ordenador xa ves se un animal non comeu, se botou moitas horas tirado, se non rumia... Á hora de detectar un problema, anticipaste moito.

Co proxecto tamén incorporamos un tanque TCool 6.000 sincronizado totalmente co robot, un arrimador FRone e un arrefriador de placas.

De cara ao futuro, cales son os seus plans?

Despois de cinco meses a valoración é de dez, o cambio foi moi grande. Ao principio sempre hai moito medo, quizais a parte máis negativa fose durante os primeiros días, para meter as vacas ao penso; pero ben, nada doutro mundo. Logo, empezar a muxir foi moi sinxelo porque as vacas estaban practicamente todas adaptadas a entrar a comer o penso e non se notou o cambio.

A curto prazo imos preparar unha nave contigua que temos para as xovenças máis pequenas e a medio-longo prazo xa está en mente colocar un segundo robot, pero esperaremos un pouco a ver que pasa con este momento de incerteza en canto á nova PAC e a esta pandemia.



José Pérez

“Decidímonos por GEA porque a sala anterior era tamén de GEA e non deu nin un só problema. Ademais, teñen un servizo inmejorable, sexa a hora que sexa. Por iso optamos por seguir cos mesmos.

O cambio non é fácil de explicar, é moi grande. Eu engordei 10 kg, a algo se debe, e non quere dicir iso que non teñas que traballar, pero é completamente distinto. Unha persoa soa pódese arranxar sen ningún inconveniente.

Notamos máis tempo libre e podes librar moito máis. Ademais, tes toda a información no móbil; se estás lonxe, podes igualmente mirar os avisos que che envía”.

ENTREVISTA
EN VÍDEO

